




CATOIRA-ESTEIRO DO ULLA

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 8 km (ida e volta)

Dificultade: baixa

Duración: 2 a 3 horas



Praia fluvial no Ulla

Moitas son as razóns que nos poden levar a achegarnos a Catoira, un concello situado á beira do Ulla e do mar de Arousa e ao abrigo do Xiabre: a súa natureza e paisaxe, a súa historia, os valores etnográficos, as súas festas... Todo isto fai desta vila un bo lugar para pasar un día de lecer.

Propoñemos un roteiro case chan, ben acondicionado, no que alternan pistas de terra e pasarelas de madeira, para camiñar un par de horas, pola beira do río. Un roteiro de interese xeográfico –porque no traxecto percorremos a zona na que o Río Ulla se transforma en Ría de Arousa–; biolóxico natural -camiñando por xunqueiras, carrizais e áreas palustres (zonas de vexetación especialmente adaptada aos asolagamentos e aos cambios de salinidade) incluídas no LIC “Sistema fluvial Ulla-Deza”; etnográfico (muíños) e histórico (Torres do Oeste e ponte romana).



Panorámica do Ulla, cos barcos da festa viquinga.

PERCORRIDO

Comezamos a andaina detrás do centro cultural, ao pé da ponte vella, de fundamentos e estrutura romana, e acompañamos ao río de Catoira na súa carreira cara ao mar, unha baixada con suficiente pendente como para mover varios muíños, que xusto antes de entrar no Ulla atópase co atranco do muíño do Cura que ademais de aproveitar a forza da súa corrente encoraba auga da marea, na chea, para reforzar o caudal que alimentaba as súas moas.

Continuamos a camiñada remontando o curso do Ulla sen apartarnos da súa beira máis que cando non é posible camiñar preto dela. Percorremos logo, ao longo, a praia e a área de lecer para incorporarnos á pasarela que, polo medio da vexetación do esteiro, nos achega ao camiño das Torres do Oeste. Aquí podemos decidir se visítalas ou facelo á volta, a non ser que queiramos volver polo interior e non facer o retorno polo mesmo camiño da ida.

Podemos ver o perímetro da fortaleza, os restos das torres e o embarcadiiro onde están atracados os barcos que participan na Romería Viquinga; ou facer un descanso á sombra das árbores da contorna. Continuamos a ruta polo camiño que hai por debaixo da ponte ata o punto onde se une coa anterior.

Nun ou noutro caso chegaremos a debaixo da Ponte da Ría onde arranca a Ruta das Telleiras con parte do traxecto polo medio de vexetación propia de

zonas palustres e parte por terreo forestal plantado de piñeiros e eucaliptos pero sen apartarse da beira do río. O camiño remata no límite do concello, uns metros adiante das telleiras.



Lavandeira verdeal



Herba de namorar



No esteiro aséntase unha vexetación especialmente adaptada a un medio húmido e exposto a asolagamentos periódicos e a contínuos cambios de salinidade.



Vista aérea das marismas e as Torres do Oeste



Torres do Oeste, monumento histórico-artístico desde 1931. Restos da fortaleza construída no século XI, porta forte e seguro das Terras do Sar e a cidade de Compostela contra as invasións dos piratas que chegaban polo mar e remontaban o Ulla (Nas torres do Oeste celébrase a primeira fin de semana do mes de agosto, desde o ano 1960, en memoria deses sucesos, a Romería Viquinga, declarada festa de interese turístico internacional desde o ano 2002).



Capela das Torres do Oeste. No interior conserva unha imaxe de Santriago atribuída a Francisco Asorey.





Ponte romana sobre o río Catoira




Muíño no río Catoira



Muíño do Cura: aproveitaba a auga do río Catoira e das mareas.

O río Catoira debaixo da ponte do tren



Fonte de augas medicinais



O esteiro do Ulla desde a ponte da estrada

Restos do forno dunha antiga telleira. As telleiras foron os xermos das industrias de cerámica para a construción que foron, ata hai poucos anos, os peares económicos da localidade.

